

# A CULTURA É UN DEREITO

.....  
CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS  
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS  
.....

**XXIII XORNADA:**

**RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA**

# ALBERTO LODEIROS

# (EL BEASTO)

Cando tiña quince ou dezaseis anos, publiquei un fanzine chamado Modway, que lles regalaba aos rapaces cos que intercambiaba casetes. Desde entón, a miña vida sempre estivo ligada á música: fanzines, bares, sesións de DJ, un selo discográfico, unha tenda, unha promotora... Hai vinte e oito anos nacía El Beasto, primeiro como fanzine e despois expandíndose a selo, tenda e promotora de concertos. Pouco despois, Silvia uniuse á causa, e seguimos adiante co proxecto, o selo en parón forzado pero a tenda (por desgraza en liña) e a promotora a toda máquina.